



Concello de Castroverde

DONA ANA SAMPEDRO MILLARES, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO).

CERTIFICO: Que o Concello Pleno na sesión ordinaria que tivo lugar o día 27 de setembro de 2018, á que asistiron a totalidade dos once concelleiros que legalmente compoñen a Corporación, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

7.- EXPTE. 157/2018. INFORME TÉCNICO PARA A DELIMITACIÓN DO MONTE COMUNAL DE SAN XOÁN DE BARREDO.

PROPOSTA DE ALCALDÍA.

O Pleno da Corporación do 31 de maio de 2018, aprobou inicialmente o levantamento topográfico do límite das parcelas que forman o monte comunal da parroquia de san Xoán de Barredo; o expediente expúxose ao público mediante anuncio publicado no B.O. da Provincia num. 133 do 12 de xuño e no taboleiro de anuncios do Concello; así mesmo, notificouse aos veciños da parroquia de san Xoán de Barredo, mediante correo postal a cada unha das vivendas habitadas segundo o Padrón Municipal de Habitantes, sinalando que os días 12 e 13 de xuño, en horario de 9 a 14 horas e horas, estaría na Casa do Concello o técnico redactor do levantamento topográfico, para atender as consultas e resolver as dúbidas que puideran xurdir.

Durante o prazo de exposición pública, presentouse unha alegación ao documento aprobado, e nos días de consulta dos veciños, expuxéronse ao redactor do proxecto, dúbidas sobre algunhas parcelas.

Con data do 20 de setembro polo técnico don José Luís Gude Pereira, tense emitido novo informe, que conclúe:

CONCLUSIÓNS.

Trala revisión das parcelas que conforman o monte comunal de veciños de San Xoán de Barredo no catastro histórico dos anos 50 así como na actualidade e tendo en consideración os comentarios realizados polos veciños das parroquias afectadas durante a exposición de documentos do 12 de Xuño no salón de plenos do concello de Castroverde así como a reunión realizada o sábado 18 de Agosto de 2018 no local do teleclub de Francelos e a totalidade de alegacións presentadas expone:

PRIMEIRO: Solicítase a adhesión o monte comunal das parcelas 202 e 108 (esta parcela actualmente encóntrase engadida na 109) do polígono 59 así como a subparcela B da parcela 14 do polígono 40 (que no catastro histórico aparece definida como a parcela 190) debido a que aparecen catalogadas como monte comunal nas cédulas de propiedade do catastro histórico dos anos 50

SEGUNDO: Solicítase a adhesión da parcela 594 do polígono 94 a cal na actualidade aparece catalogada como monte comunal as parcelas que conforman o

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Concello de Casto Verde

monte comunal de veciños de San Xoán de Barredo.

TERCEIRO: Acéptanse de forma provisional e a espera da realización dos trámites de exposición pública e subnsación catastral os límites das parcelas 95 e 92 do polígono 41 propostos nas alegacións presentados por D. Pablo Castedo Lence, xa que se aporta a delimitación de ditos lindes sobre documentación cartográfica adicional como a Ortofoto histórica do PNOA dos anos 2002-2003 e a cartografía catastral actual.

CUARTO: Tendo en conta os tres puntos anteriores defínense como as parcelas que conforman o monte comunal de veciños de San Xoán de Barredo do municipio de Casto Verde as seguintes:

Mapa	Delegación	Concello	Polígono	Folla	Tipo	Número Parcela	Referencia catastral
27072	27	11	41	27011A	R	142	27011A04100142
27072	27	11	61	27011A	R	18	27011A06100018
27072	27	11	61	27011A	R	20	27011A06100020
27072	27	11	19	27011A	R	557	27011A01900557
27072	27	11	41	27011A	R	113	27011A04100113
27072	27	11	40	27011A	R	188	27011A04000188
27072	27	11	19	27011A	R	558	27011A01900558
27072	27	11	19	27011A	R	594	27011A01900594
27072	27	11	60	27011A	R	118	27011A06000118
27072	27	11	41	27011A	R	115	27011A04100115
27072	27	11	19	27011A	R	594	27011A01900594
27072	27	11	41	27011A	R	87	27011A04100087
27072	27	11	61	27011A	R	39	27011A06100039
27072	27	11	59	27011A	R	202	27011A05900202
27072	27	11	59	27011A	R	97	27011A05900097
27072	27	11	41	27011A	R	80	27011A04100080
27072	27	11	60	27011A	R	41	27011A06000041
27072	27	11	40	27011A	R	189	27011A04000189
27072	27	11	41	27011A	R	102	27011A04100102
27072	27	11	41	27011A	R	141	27011A04100141
27072	27	11	40	27011A	R	170	27011A04000170
27072	27	11	40	27011A	R	Nova parcela xenerada a partir da subparcela b da parcela 14	
27072	27	11	59	27011A	R	Nova parcela xenerada a partir da división da parcela 108	

Así como a edificación do palco da música de Francelos que ten a seguinte referencia catastral: 27011A59101080001BD

Visto que se modifica o número de parcelas que integran o monte, e, nalgúns

Concello de Casto Verde



Concello de Castroverde

casos, os límites das parcelas, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o informe técnico para a delimitación do monte comunal da parroquia de san Xoán de Barredo, redactado polo enxeñeiro en xeomática e topografía, don José Luís Gude Pereira, nos termos formulados.

SEGUNDO.- Dar publicidade ao presente acordo mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e no taboleiro de anuncios do Concello, concedendo un prazo de vinte (20) días, para o seu exame e presentación de alegacións, no seu caso.

Don José Gómez Fernández, voceiro do Grupo do BNG, manifesta que se vai abster porque non conta con datos suficientes para pronunciarse e, sometido o asunto a votación, co resultado de dez votos a favor e unha abstención, apróbase a proposta de Alcaldía de informe técnico para a delimitación do monte comunal de san Xoán de Barredo.

Para que así conste e produza os efectos oportunos, sen prexuízo do disposto no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, estendo a presente certificación, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente, don Xosé M^a Arias Fernández.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE